

**ACTA DA SESIÓN Nº 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á LICITACIÓN POR
PROCEDIMENTO ABERTO PÚBLICO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE DE STANDS,
MOQUETA, TARIMA, CARPAS, MOBILIARIO, COMPLEMENTOS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS
ACCESORIOS (REF.: 6006/2012-01)**

DATA: 22 de febreiro de 2012

LUGAR: Oficinas FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA. Silleda.

ASISTENTES:

D. Manuel Sanmartín Alende (Director Económico - Financeiro), Presidente

D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos), Vogal

D. Miguel Sánchez Varela (Director Comercial), Vogal

Dª. Silvia Regal López (Directora de Comunicación e Marketing), Vogal

D. Manuel Pillado Quintans (Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia), Vogal


D. Manuel Bernárdez Carbón, Secretario

Reunidos os membros arriba indicados, procédese a constituír a Mesa de Contratación para o estudio e proposta de contratación do expediente enriba referenciado.

Procédese a apertura e valoración dos documentos contidos no sobre “A”, sendo as ofertas presentadas as seguintes:

1. Mª DOLORES MARTÍNEZ – VARA DE REY, S.A. (MARVA)
2. TOLDOS BARRY, S.L.
3. FERIAS Y EVENTOS, S.A.
4. MONTAJES FERIALES EXPOLINE, S.A.

Da apertura e exame da documentación administrativa contida no sobre “A” dos ofertantes compróbase o seguinte:




Página 1 de 3

1. M^a DOLORES MARTÍNEZ-VARA DE REY, S.A. (MARVA).- Revisada toda a documentación, presenta toda a documentación esixida.
2. TOLDOS BARRY, S.L.- Revisada toda a documentación, denótase que o Obxeto Social da empresa non se corresponde plenamente co obxeto do contrato, polo que se acorda a súa exclusión do concurso (según Artigo 57.1. da Ley de Contratos do Sector Público)
3. FERIAS Y EVENTOS, S.A..- Revisada a documentación denótase a falta de: Copia correctamente compulsada do DNI do administrador, Copia debidamente compulsada da Constitución da Sociedade e do Apoderamento, Declaración pertencencia a grupo de empresas (anexo IV), Certificado de Clasificación conforme os pregos, Copia debidamente compulsada do CIF da empresa.
4. MONTAJES FERIALES EXPOLINE, S.A..- Revisada a documentación denótase a falta de: Copia correctamente compulsada do DNI do administrador, Copia debidamente compulsada do Certificado de Clasificación conforme os pregos, Copia debidamente compulsada do CIF da empresa.

Visto o anterior, a Mesa de Contratación considera necesario solicitar aos ofertantes a subsanación dos defectos emendables e a aportación da documentación correspondente, de acordo co establecido no artigo 9 do Prego de Condicións *"Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarao por fax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos aos interesados, concedéndose un prazo non superior a tres (3) días hábiles, para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia Mesa de contratación, baixo apercibimento de exclusión definitiva do licitador se no prazo concedido non procede á emenda da documentación. A documentación requirida deberá ser entregada en prazo no Rexistro da Fundación Semana Verde de Galicia, no enderezo que se indica na cláusula B da folla de especificacións."*


E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión, asinando os comparecentes a presente acta.

D. Manuel Sanmartín Alende




Presidente

D. Carlos Mato Montoto



Vogal

D. Miguel Sánchez Varela




Vogal

D^a. Silvia Regal López




Vogal

D. Manuel Pillado Quintans



Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón



Secretario